



SINFÓNICA DE PONTEVEDRA

Audicións Xaneiro 2025

A Orquestra Sinfónica de Pontevedra convoca probas de admisión para cubrir as seguintes prazas na Orquestra Infantil, nas especialidades instrumentais, de acordo as bases que seguen :

Violín

Capítulo I: Requisitos.

1. Poderá presentarse todo aquel alumnado que estea matriculado en conservatorio, escola de música ou academia nalgunha das especialidades anteriormente sinaladas.
2. Ter entre 6 e 13 anos.
3. Superar as probas de admisión.
4. Aceptar na súa totalidade o documento das normas de réxime interno da Orquestra Infantil que será facilitado a cada aspirante, se así o solicita, ao superar as probas de admisión.
5. A organización resérvase o dereito para verificar a autenticidade dos datos e documentación achegados na solicitude.

Capítulo II: Presentación de instancias.

6. Quen desexe tomar parte nestas probas deberá cubrir a solicitude de inscrición que será publicada na web da Orquestra, ***sinfonicadepontevedra.com***.
7. A instancia debe ir acompañada dunha fotocopia do DNI (ou libro de familia) e expediente académico actualizado; o alumnado que estuda estudos particulares presentarase un certificado asinado polo profesor que acredite os estudos.
8. O prazo de presentación de solicitudes será do **28 de Xaneiro ao 2 de febreiro de 2025**. As solicitudes remitidas fóra de prazo serán desestimadas.

Capítulo III: Desenvolvemento das probas.

9. As probas realizaranse o día 8 de Febreiro. Confirmarase o lugar e os días exactos das audicións unha vez pechado o prazo de recepción de solicitudes e elaborada a lista definitiva de admitidos/as.
 - O proceso selectivo consistirá na interpretación dunha obra libre.
As probas realizaranse sen pianista acompañante, sen facer as repeticións e sen necesidade de facer os compases de espera cando estes excedan de 2.
10. A selección dos aspirantes efectuarase por un Tribunal Cualificador designado pola directiva da Orquestra Sinfónica de Pontevedra.

Capítulo IV: Comunicación dos resultados.

11. Os resultados das audicións comunicaranse vía correo electrónico, no prazo dunha semana despois da realización das mesmas, unicamente á dirección de e-mail desde a que foi presentada a instancia á orquestra.

Capítulo V: Titularidade.

12. Os aspirantes seleccionados adquirirán a condición de membros da orquestra infantil, por un período de 2 anos, unha vez cuberta e presentada a folla de matrícula e formalizado o pago da cota anual de socio.

A participación nas audicións de selección supón a aceptación expresa da totalidade das Bases desta Convocatoria.

Pontevedra, a 28 de Xaneiro de 2025